

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0241	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP0241_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	4	45	54
MP0241_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CÉSAR ALBERTO FERNÁNDEZ NOYA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo que se establece nos decretos que desenvolven os títulos están expresados en resultados de aprendizaxe, aprendizaxes que o alumnado deberá adquirir para desenvolver con éxito a súa profesión no contorno laboral. Asociados aos resultados de aprendizaxes establécense os criterios de avaliación e os contidos que proporcionarán a información e destrezas para lograr as competencias definidas no perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de Formación e Orientación Laboral en todos os títulos da Formación Profesional ten como xustificación que se considera un módulo clave para garantir que o alumnado adquira unha competencias esenciais para unha adecuada inserción laboral, tanto a través do coñecemento da lexislación laboral como do traballo en equipo e das condicións de seguridade e saúde.

Ademais cómpre engadir que a Lei Orgánica de Educación modifica o módulo de FOL a fin de incorporar os contidos do curso básico de prevención de riscos laborais establecido no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizo de Prevención. Con esta novidade, dende o sistema educativo garántese que o alumnado adquira unhas competencias en materia de prevención que posibilitarán unha prevención eficaz e integrada no contorno laboral.

O módulo de FOL, sendo un módulo presente en todos os ciclos formativos, debe adecuar os seus contidos a realidade do ámbito produtivo de cada familia profesional e ciclo formativo, de modo que na impartición do módulo se parta do sector produtivo propio de cada familia profesional ademais da propia realidade do alumnado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os dereitos e obrigacións en materia de seguridade e saúde laboral	Conceptos básicos e relación entre traballo e saúde. Os dereitos e obrigacións	12	9
2	Os riscos laborais no sector	Condições de traballo, factores de risco, danos profesionais e a avaliación dos riscos no traballo	13	10
3	A planificación da prevención	Organización da prevención e o plan de prevención da empresa	15	12
4	Medidas de prevención e protección	As medidas preventivas, de protección e os primeiros auxilios	14	13
5	O dereito do traballo e o contrato de traballo.	Dereito laboral, fontes, dereitos e obrigas dos traballadores. O contrato de traballo e modalidades contractuais.	17	13
6	A organización do traballo e a modificación do contrato	Xornada, descansos, permisos, vacacións. Conceptos salariais e cálculo da nómina. Modificación suspensión e extinción da relación laboral	18	14
7	A Seguridade Social	A Seguridade Social, afiliación, cotización e principais prestacións.	16	12
8	O traballo en equipo	O traballo en equipo, roles. A resolución de conflitos nos equipos de traballo	8	6
9	A procura de emprego	Autocoñecemento, itinerario e as te	15	11

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os dereitos e obrigacións en materia de seguridade e saúde laboral	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os riscos laborais no sector	13

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector das instalacións eléctricas e automáticas.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector das instalacións eléctricas e automáticas en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector das instalacións eléctricas e automáticas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A planificación da prevención	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de prevención e protección	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O dereito do traballo e o contrato de traballo.	17

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.4.1 Analízanse as principais modalidades de contratación
CA2.4.2 Analízanse as medidas de fomento a contratación para determinados colectivos
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A organización do traballo e a modificación do contrato	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

4.6.e) Contidos

Contidos
OSindicatos de traballadores e asociacións empresariais. C2.10 - Medidas de conciliación da vida laboral e familiar e igualdade entre homes e mulleres (CA2.7) Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Novos contornos de organización do traballo. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas. Análise do recibo de salarios e os seus principais elementos (CA.2.8) Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A Seguridade Social	16

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.7.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	O traballo en equipo	8

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en instalacións eléctricas e automáticas e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.8.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector das instalacións eléctricas e automáticas segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A procura de emprego	15

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.9.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.
Alternativas de autoemprego no sector (CE4.9)

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. MÍNIMOS EXIXIBLES.

O alumno ou alumna deberá superar os mínimos esixibeis establecidos no apartado 4C para cada Unidade Didáctica das dúas Unidades Formativas que conforman o módulo

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a avaliación do alumnado vanse empregar as seguintes técnicas e instrumentos, en xeral:

- Observación directa na aula: atención, interese, motivación, sutonomía, capacidade resolutiva e realización das tarefas asignadas no tempo de clase.
- Procura autónoma de información en internet e na biblioteca escolar: webs oficiais das administracións laborais, portais de busca de emprego.
- Realización de actividades propostas. Preguntas curtas, cuestionarios tipo test, exercicios de comprensión.
- Informes: Conclusións de debates, análise de textos xornalísticos, análise de documentais ou fragmentos de filmes.
- Casos prácticos: confección de cartas de despedimento e papeletas de conciliación, cálculo de liquidacións e de indemnizacións por despedimentos, remate dos contratos, traslados ou modificacións das condicións do contrato, confección de contratos, cálculo de prestacións da seguridade social e da prestación por desemprego, índices de sinistrabilidade e todos os que, relacionados coas Unidades Didácticas, vaia indicando o profesor.
- Exercicios de simulación: reunións de traballo, negociación dun conflito, entrevistas de traballo, técnicas de primeiros auxilios, clasificación de feridos.
- Presentación de memorias de actividades realizadas.
- Exames escritos.

Os instrumentos empregados para avaliar cada unha das unidades didácticas xa foron expostos no apartado correspondente desta avaliación. Os criterios de avaliación extraírense dos DCBs de cada ciclo formativo. No caso do módulo de FOL, estes coinciden nos currículos dos diferentes títulos de FP e deberán adaptarse aos obxectivos marcados para cada unidade didáctica segundo se describiu anteriormente.

PROBRAS ESCRITAS.

Haberá exames que se corresponderán con cada avaliación. Serán nas datas anteriores ao Nadal, Semana Santa, Maio e fin do mes de Xuño. As probas escritas constarán dun cuestionario de preguntas tipo test e/ou supostos prácticos sobre os cales se plantexarán preguntas curtas en cada un deles. Cando se avalíen contidos que requiran a realización de cálculos (cálculo dunha nómina, dunha liquidación o de prestacións da seguridade social o de desemprego) os exames consistirán nun cuestionario tipo test, cuestións de resposta curta e o cálculo do exercicio correspondente.

As preguntas tipo test terán un valor de que se establecerá en cada exame en función do número de preguntas, e as repostas incorrectas restaran un 25% do devandito valor. Os exames evaluaranse sobre unha nota máxima de 10. Os supostos prácticos terán un valor que se establecerá en cada proba, no caso dos exercicios de cálculo (nomina, liquidación ou prestacións), éstos terán un valor que se establecerá en cada proba, dependendo do exercicio. Todas as preguntas de cada proba escrita sumarán 10 puntos.

En todo caso, será necesario obter un mínimo de 4 puntos nos exames de cada avaliación parcial para facer media cos traballos de cada

avaliación.

Será necesario obter unha media de 5 para superar o módulo.

A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, nin ao revés, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL

A superación dunha avaliación non supón a superación das anteriores.

Respecto ás cualificacións trimestrais (que fan referencia á primeira, segunda e terceira avaliación), os criterios que se terán en conta á hora de calcular a cualificación de cada trimestre dos alumnos con dereito á avaliación continua serán os seguintes:

- Proba escrita: Cun peso do 60% da puntuación total da cualificación.

- Actividades, traballos teóricos ou prácticos realizados na aula e na casa, informes e proxecto: Cun peso específico do 30% sobre a puntuación total.

- Observación na aula do traballo realizado e do interese e implicación no módulo: cun peso específico do 10% sobre a puntuación total.

Cando un estudante non aprobe un trimestre, terá dereito a presentarse ás probas de recuperación, tal e como se especifica no apartado 6 desta programación. O/a alumno/a terá unha nova oportunidade de facer o exame na Recuperación Final, que se programará para o mes de xuño.

Neste exame cada estudante terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobouse ata esa data. Por tanto, poderá examinarse de un, dous ou tres trimestres.

Respecto á cualificación final: obterase calculando a media aritmética das cualificacións trimestrais, tendo en conta o especificado para os/as estudantes que deban realizar os exames de recuperación, así mesmo a nota da terceira avaliación coincidirá coa nota final do módulo. Para superar positivamente o módulo é preciso acadar como mínimo 5 puntos na avaliación final.

Para o alumnado que teña pendente algunha avaliación a nota do terceiro trimestre será, como máximo, 4, debendo recuperar a materia pendente no período de recuperación de xuño.

O alumnos/as serán informados do peso de cada actividade e das instrucións precisas para a superación de cada unha delas ao comezo do curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. O profesor deseñará unha serie de exercicios e actividades a realizar polos/as estudantes que suspenderan un trimestre, para que eles/as poidan realízalos de forma autónoma fóra do horario escolar, e poder preguntar dúbidas nas horas de tutoría ou durante as clases, se fose necesario. Estas tarefas serán as mesmas ou parecidas cas establecidas nas unidades didácticas traballadas durante o trimestre, modificando datos e levando a cabo unha atención educativa mais individualizada.

Os/as estudantes que non superasen algunha avaliación trimestral, unha vez realizadas as tarefas descritas, terán unha nova oportunidade de facer a proba escrita de recuperación. Esta proba consistirá na resolución de supostos prácticos, exercicios de cálculo numérico e preguntas teóricas de desenvolvemento ou tipo test (e dicir, terán o mesmo formato que as probas escritas da avaliación ordinaria).

Os criterios de cualificación para estas actividades de recuperación trimestrais son os seguintes:

- Tarefas: 30%

- Proba escrita: 70%

Será imprescindible, para poder superar a recuperación, ter feitas as tarefas e obter un mínimo de 5/10 na proba escrita.

No caso de suspender este exame, terán unha última oportunidade de superar a materia, realizando unha proba escrita de Recuperación Final que se programará para o mes de xuño. Cada alumno/a terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobouse ata esa data. Polo tanto, na súa proba inclúense supostos prácticos, exercicios de cálculo numérico e preguntas teóricas de desenvolvemento ou tipo test correspondentes ás unidades didácticas dos trimestres 1, 2 e/ou 3.

O criterio de cualificación na recuperación final será o seguinte: Proba escrita: 100%

2. No suposto de que se pase de curso co módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período de realización, temporalización e data en que serán avaliados, e que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. No caso de que a dispoñibilidade horaria do centro o permita, faranse actividades de recuperación presenciais. O criterio de cualificación nesta recuperación será o seguinte: Proba escrita: 100%

3. O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados. Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Rematado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados mediante a realización dunha proba obxetiva. Nesta recuperación o criterio de cualificación será: Proba escrita: 100%

Para superalo módulo pendente o alumnado debe acadar como mínimo 5 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase legalmente establecida perderán o dereito á avaliación continua. Isto é, cando supere o 10% de faltas de asistencia, que no módulo de FOL, equivale a 13 sesións de 50 minutos. A estes efectos, solo se excluírán do cómputo de faltas as que estean xustificadas polos seguintes motivos: doenzas e asistencia a consultas médicas do/a estudante, morte ou doenzas graves dos seus familiares ate segundo grao, e actividade laboral remunerada.

En tal sentido, o/a alumno/a que perdera o dereito á avaliación continua deberá responsabilizarse da entrega das tarefas que obrigatoriamente se requiran polo profesor, así como a realización dunha proba escrita final. Este conxunto de probas denomínase Proba Final Extraordinaria e as súas características defínense a continuación:

- Actividades/tarefas (10% da cualificación): o/a estudante terá que poñerse en contacto co profesor ó fin de coñecer os requisitos e contidos das tarefas a realizar. O profesor publicará un boletín cos exercicios e tarefas con dous meses de antelación ao remate do curso, no curso que o grupo teña creado na aula virtual do centro. O conxunto de actividades terá unha cualificación máxima de 10 e o/a estudante terá que obter un mínimo de 5 para poder aprobar o módulo.

- Proba escrita/exame (90% da cualificación): Constará de dúas partes: unha teórica e outra práctica. Na parte teórica inclúense 40 preguntas tipo test, de resposta única, que abrangue os contidos das unidades didácticas (as respostas incorrectas puntuarán negativamente). Na parte práctica inclúense varios supostos prácticos e/ou exercicios de cálculo numérico. Deberán superarse positivamente as dúas partes. O exame terá unha cualificación máxima de 90 e o/a estudante terá que obter un mínimo de 45 para poder aprobar o módulo.

O/a estudante deberá superar ambas probas para poder aprobar o módulo. Os criterios de avaliación neste caso son os considerados mínimos esixibles para a adquisición da avaliación positiva.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

7.1. PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN.

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino-aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo, na metodoloxía e nos obxectivos e contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpla mellor a súa función. Neste sentido cómpre fixar un procedemento de seguimento da programaciónna que se avaliará:

- A adecuación dos contidos recollidos para acadar as aprendizaxes propostas e a súa adecuación as características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.
- Valoración do seguimento da programación na reunión de departamento, que se celebrará cunha periodicidade mensual, onde se analizará o grado de cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e as actividades realizadas conforme ao programado inicialmente.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso. Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente, senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

7.2. AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- Cuestionarios anónimos de autoavaliación cumprimentados polos alumnos.
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Sesións e avaliacións.
- Reunións de departamento.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos e experiencias persoais e laborais previas, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais,

competencias básicas e específicas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e des-trezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de re-sidencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Para iso, ao comezo do curso, levarase a cabo unha primeira recollida de datos académicos e de experiencia profesional proporcionada polos propios alumnos ao cubrir as fichas correspondentes. Coa mesma finalidade, ao inicio de curso, o profesor coordinarase co titor e co resto do equipo docente do grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado durante as reunións de "avaliación inicial de ciclos". Así mesmo, valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

Durante o curso, ao inicio de cada unidade didáctica, realizarase un cuestionario inicial ou formularase preguntas ao grupo de xeito oral, coa fin de identificar o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de "deseño para todos". Para tal efecto recolle ás medidas necesarias para que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, minusvalideces físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas. Tomando en consideración o establecido pola GABE e polo Decreto 114/2010 respecto a atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en outros formatos.
- Agrupamentos heteroxéneos: á hora de traballar en equipo estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

-Medidas de reforzo educativo tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A LOMCE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común. Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Paz, Violencia de Xénero, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc;
- Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares. A intención de programar este tipo de actividades no módulo de FOL é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como traballadores ou desempregados, etc.

Para o presente curso 2016/2017 poderán ser organizadas polo Departamento de FOL e a Dirección do Centro, actividades complementarias tales como:

- 1ª- Charla-coloquio e práctica sobre técnicas de primeiros auxilios: actividade complementaria aos temas de saúde laboral. Ten por obxecto que un

profesional de enfermería/ membro de Protección Civil ou similar dea unha charla teórica/práctica sobre as distintas técnicas de primeiros auxilios (transporte de accidentados, cómo inmovilizar a un/ha alumno/a cunha fractura, cómo actuar ante unha queimadura, actuación ante un conato de afogamento por obstrución dun obxecto). O alumnado participará activamente nas actividades que propoña o experto.

2ª- Simulacro de evacuación do instituto: esta actividade é extensible a toda a comunidade educativa do instituto, coa colaboración da Dirección do centro onde se solicitará apoio a Protección Civil, Policía Municipal, Bombeiros e Centro de saúde máis próximo. O obxectivo desta actividade é coñecer a posta en práctica dun plan de emerxencia e evacuación, requeríndose a colaboración do alumnado de FOL.

3ª- Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíamos proxectar:

- A sorte durmida
- Silkwood
- Os luns ao sol
- O ano da carracha
- Síndrome Laboral
- Erin Brockovich
- Recursos Humanos
- En terra de homes
- Glengarry Glen Ross
- O método
- Inside Job
- It's a free world (Nun mundo libre)
- Raining Stones (Chovendo pedras)

4ª.- Charla coloquio sobre técnicas de busca de emprego, actividade complementaria ao tema de autoanálise persoal e profesional e procura de emprego. Ten por obxecto que un técnico orientador laboral do concello de Vigo ou similar dea unha charla teórica/práctica sobre as distintas técnicas de busca de emprego, identificando as principais fontes de emprego e de inserción laboral, aproveitando ademais os recursos dixitais que existen neste ámbito.

5ª.- Visita a algunha empresa do contorno e ao xulgado do social.

Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria., polos profesores do Departamento en colaboración coa Dirección e outros Departamentos.

1ª- Visita a unha oficina do Servizo Público de Emprego: comprobación en espazo e tempo real de cómo se tramitan as solicitudes de prestación por desemprego e outras accións de formación e orientación laboral levadas a cabo na oficina. Esta actividade deberá desenvolverse unha vez traballadas as unidades relacionadas coas Relacións Laborais e a Seguridade Social.

2ª- Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo,...

3ª- Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos.

Estas actividades complementarias e extraescolares realizaránse sempre e cando a situación sanitaria o permita e non exista risco para o alumnado e o profesorado.

10.Outros apartados

10.1) Secuenciación da Programación

Na primeira aula de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente Programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. Ademais do libro de texto de Formación e Orientación laboral da editorial "Mc Graw Hill" como libro recomendado pero non obrigatorio, a profesor elaborará materiais propios e utilizará como plataforma de comunicación co alumnado, a aula virtual edmodo e o correo electrónico.

Tamén se lles indicará como serán cualificados, indicando o peso de cada proba ou instrumento de avaliación.

Serán informados tamén das datas aproximadas dos exames, que deberán ser confirmadas na aula nas proximidades dos días sinalados, así como de cando se farán os exames de recuperación.

Informarase igualmente do número de faltas de asistencia que dará lugar á perda da avaliación continua. Con carácter xeral, neste módulo, establécese o número de 13, constituindo o 10% das sesións do módulo (isto é, 128 sesións).

10.2) Semipresencialidad

Ante a actual situación do COVID19 este módulo adoptouse como medida a semipresencialidade e realízase da seguinte maneira:

- O grupo divídese en dous, un dos grupos asiste de maneira presencial unha semana e a seguinte realízase desde a súa casa. O outro grupo de maneira inversa.
- As clases realízanse de maneira conxunta para ambos os grupos no horario fornecido ao alumnado polo centro educativo, o grupo que está na casa debe conectarse á plataforma WebEx no horario que lle corresponda e seguir as explicacións do profesor e a realización de tarefas.
- O alumnado que se atopa na casa asistindo ás clases vía WebEx comunicarase co profesorado na mesma plataforma ou no foro de dúbidas da aula virtual do módulo de FOL
- A entrega de tarefas será mediante a aula virtual do centro.

10.3) Evaluación non presencial

No caso de que a presencialidade nas probas escritas non sexa posible por motivos sanitarios a avaliación será da seguinte maneira:

- Probas orais a través da plataforma WebEx
- Probas a través da aula virtual.
- Probas mixtas, orais e escritas

10.4) Non presencialidade

No caso de que por motivos sanitarios non sexa posible a presencialidade na aula:

- As explicacións realizaranse telemáticamente en WebEx no mesmo horario que si de presencialidade se tratase.
- A entrega de tarefas realizarase mediante a aula virtual do centro educativo, ferramenta que utiliza o alumnado diariamente no módulo de FOL